

Xornadas "Tratamento da diversidade afectivo-sexual e de xénero nas aulas"

21/10/2017

IES Politécnico (R/Torrecedeira, 88, Vigo)

PROGRAMACIÓN:

9.30-10.00 Presentación con Carmela Silva, presidenta da Deputación de Pontevedra; Isaura Abelairas, Deputada e representantes de Nós Mesmas

10:00-10:45 "Nós Mesmas nas aulas" Elisabet Pérez Costas e Raquel Cordeiro Ferreira

A través da presentación da experiencia de Nós Mesmas nos centros educativos, aclararemos os conceptos clave cos que traballamos así como os datos máis relevantes a ter en conta á hora de traballar nas aulas.

11:15-12:35 "Abrimos as portas á diversidade: como integrala nas nosas aulas" Kika Fumero

A información en diversidade afectivo-sexual e de xénero é inexistente ao longo da traxectoria académica dos e das docentes no noso sistema educativo. Partindo da experiencia persoal nas aulas e como formadora do profesorado, trataremos de como integrar no noso currículo formal e oculto ditas diversidades co fin de velar pola saúde física e psíquica do noso alumnado no desenvolvemento da súa identidade e personalidade.

12:40-14:00 "Ferramentas inspiradoras de educación inclusiva" Joaquín Álvarez

Presentaranse tres recursos educativos que podemos utilizar para traballar adecuadamente a diversidade afectivo-sexual na adolescencia. 'Titoría de atención á diversidade sexual e de xénero', proxecto de innovación educativa encamiñado a desterrar o sexismo e a homofobia do contorno escolar. 'Almorzos pola diversidade', programa de soporte emocional que permite integrar a estudantes homosexuais, transexuais e heterosexuais nun proxecto común de loita contra a exclusión. E 'A homofobia en primeira persoa', charlas motivacionais de loita contra o bullying homofóbico enfocadas a mellorar a autoestima daqueles adolescentes que poidan estar nunha situación de risco.

16:00-18:30 "Entender a realidade trans como unha diversidade social para un acompañamento positivo na aula" Nac Bremón Ayala e Soraya Vega

Xénero, identidade de xénero, orientación sexoafectiva, rol de xénero, expresión de xénero... que sabemos de todo isto como educadorxs? Temos ferramentas para acoller e entender as persoas trans na aula (alumnado)? O descoñecemento do tema pode que nos faga actuar de maneira equivocada. Esta charla pretende ser un primeiro achegamento á realidade trans: terminoloxía, falsos mitos, cambios corporais, prexuízos... Pretendemos dar a coñecer a terminoloxía correcta para a realidade trans; facer ao profesorado consciente de que a diversidade de xénero é unha manifestación máis da diversidade do ser humano; facilitar ferramentas e estratexias para acoller e acompañar nenxs trans no contexto escolar e fornecer instrumentos para o pensamento crítico sobre a realidade das persoas trans así como tratar o papel dxs profesionais no contorno educativo.

19:00-20:00 "Mesa de experiencias de profesorado e alumnado LGTBI en Vigo" Ana Ojea Alonso e alumnado do IES Politécnico de Vigo:

Mesa testemuñal onde mostrar a realidade do alumnado e profesorado LGTBI así como das familias LGTBI; grupo de apoio para o alumnado LGTBI como experiencia piloto no IES Politécnico de Vigo.

Información: asonosmesmas.blogspot.com

Inscripción ata o 10/10: FPROFE, Referencia V1702027: www.edu.xunta.es/fprofe/

